



INFRAESTRUTURAS do CONCELLO DE OURENSE

2014

Infraestructuras rematadas no ano 2014			
Nome	Ubicación	Características	Inversión
PARQUE DE SANTA TERESITA	Barrio do Vinteún	Nova zona verde de 6.300 m ² de lecer, deportiva e infantil.	661.000 euros
PARQUE DA MURGA	Marcelo Macías	Nova zona de xogos para cativos e cativas e aparellos biosaudables para persoas maiores	60.000 euros
PARQUE DO PINO	O Pino	Traballos na zona de lecer: ampliación da zona de caucho e a inclusión dun peche perimetral para delimitar a área de xogo, cun sistema anticadelos na entrada.	18.000 euros
PISCINA PEDRO ESCUDERO	Pavillón dos Remedios	Renováronse os sistemas de impulsión e extracción de aire para eliminar as humidades, así como o chan, as duchas e a pintura do teito	140.000 euros
PRAZA DOS SUAVES	Casco Vello	Consecución dun medio urbano acorde cos usos de representación sociais, culturais e de espaxemento que lle son propios a este nodo da historia da cidade.	154.647 euros
MUÍÑO DA VEIGA	Termas do Muíño	Adecuouse un vaso para auga fría cunhas dimensións de aproximadamente 14 m ² de superficie e 0,88m de profundidade e ampliouse o entarimado de madeira creando un área de descanso na contorna do vaso. Tamén se procedeu a instalar no zona unha ducha de auga fría.	28.931 euros

Plan de inversións no rural e na periferia para o ano 2014

Inversión de máis de 850.000 euros en obras no perímetro rural da cidade, que posibilita a realización de actuacións urxentes no perímetro rural, infraestruturas viarias urbanas e ampliación e mellora do alumeadado público.

Entre as obras destacan o acondicionamento de viarios urbáns en mal estado, a renovación de beirarrúas, a adecuación de pistas e camiños e a renovación das luminarias de alto consumo nos parques e xardíns da cidade. O desglose concreto das obras é o seguinte:

Plan de inversións no rural e periferia previstas 2014/2015	
Retranqueo de peches na rúa Lonia	19.601,19 euros
Adecuación de beirarrúas na rúa Lonia	7.296,32 euros
Asfaltado na rúa da Capela, en Eirasvedras	78.717,46 euros
Acondicionamento de vial na rúa dos Carballos e rúa de Lodeiros en Vilar de Astrés	46.225,67 euros
Construción de beirarrúas na rúa Rábeda no Cumial	58.567,40 euros.
Acondicionamento do camiño na Fonte do Can	13.171,93 euros
Acondicionamento da rúa da Burata	17.626,34 euros
Acondicionamento do camiño Real en Cudeiro	14.556,38 euros
Contrución de beirarrúas e arranxo do vial na rúa do sol en Valdorregueiro	55.826,08 euros.
Acondicionamento na rúa Ricardo Courtier na Milagrosa	48.491,62 euros
Construción de beirarrúa na rúa do entroido en Vistafermosa	10.560,64 euros.
Acondicionamento de vial entre a rúa río Návea e a rúa Quintián no Vinteún	48.745,38 euros.
Construción de muro de contención na rúa da Asunción	15.762,77 euros.
Adecuación de beirarrúas nas Camelias	6.803,53 euros.

Estas obras implican unha inversión total de **537.105,77 euros para acometer obras necesarias e demandadas polos veciños e veciñas no Perímetro Rural**, ás que se debe engadir a mellora do alumeadado público coa renovación das luminarias e a introducción dun sistema de telexestión e aforro enerxético en zonas do rural coma Madrosende, Canella do Martelo, Torei, ou outras máis céntricas, como a Avenida da Habana, cun orzamento de 70.000 euros.



Outras actuacións en materia de infraestruturas viarias

Novos accesos ao Barrio do Cuco

O plan de investimentos inclúe tamén a obra que mellorará os accesos ao barrio do Cuco. A obra resolverá os problemas que hoxendía teñen os veciños e veciñas para acceder ás súas vivendas, dende hai máis de 10 anos, a través dunha pendente que nalgúns puntos ronda o 35%. Trala actuación, na que se investirán uns 360.000 euros, a pendente de acceso creada será do 12%. Neste barrio viven actualmente unhas 100 persoas, en 40 vivendas.

Rehabilitación de firme na Avenida da Habana, Ramón Cabanillas e zonas puntuais de Concejo, Xoan XXIII, Curros Enríquez e Parque de San Lázaro

O Concello procederá á rehabilitación de firme en varios tramos da rede viaria do Concello de Ourense: Avenida da Habana, Ramón Cabanillas e zonas puntuais de Concejo, Xoan XXIII, e Curros Enríquez, proxecto redactado pola Enxeñería Municipal, cun orzamento de 111.487 euros.

Este proxecto, supón na práctica a desaparición do adoquín na totalidade da rúa da Avenida da Habana - "e que esixe actuacións de conservación significativamente intensas ou frecuentes", ven cumprir cunha demanda cidadá longamente reiterada, e que tivo a súa primeira fase co asfaltado do tramo superior da Habana no ano 2011. O proxecto propón "corrixir os puntos baixos producidos con mezcla bituminosa, adecuando as capas e os seus espesores para acadar as prescricións referentes á regularidade superficial". Asimesmo, contempla melloras nas rúas Xoán XIII, Concello e Curros Enríquez, consistentes en reparar as paradas de autobús e as zonas de estacionamento.

Así, o Concello realizará unha inversión de 26.914,75 euros na rehumanización e acondicionamento das beirarrúas situadas ao redor do parque de San Lázaro.

Alcorques

Para completar esta fase inicial do Plan de Investimentos en materia de Infraestruturas, o concello está a desenvolver un plan para renovar os alcorques, comezando polas zonas máis céntricas, coma é a rúa do Paseo, substituíndo os actuais, deteriorados polo paso do tempo, por un material asfáltico en tonalidades roxizas antideslizante, poroso pero cun elevado grado de impermeabilidade.

**Infraestructuras en curso ano 2014
(Coa financiación de outras administracións)**

Nome	Administración	Ubicación	Características	Inversión
Edificio Xudicial	Xunta de Galicia	Couto	Permitirá concentrar as dotacións xudiciais da cidade, con máis de 14.000 m2 de superficie	17.000.000 euros
Centro de Saúde do Couto	Xunta de Galicia/ fondos europeos	Couto	Dotación integral sanitaria	3.500.000 euros
Ampliación do Complexo Hospitalario (CHUOU)	Xunta de Galicia- Fondos FEDER	San Francisco- Cuña	Ampliación e dotación tecnolóxica	13.212.044 euros 2ª anualidad (2016) 5.215.893 euros 8.854.530 euros (abastecer tecnoloxicamente al complejo).
Museo Arquelóxico	Ministerio de Cultura	Casco Vello	Rehabilitación, ampliación e mellora	150.000 euros
Arquivo e biblioteca de San Francisco	Ministerio de Cultura	San Francisco- Santa Mariña	Complexo de San Francisco	13,4 millóns de euros (en anualidades hsta 2017)
Abastecemento e saneamento	Concello- Xunta- Ministerio	Cidade	Garante o abastecemento os vindeiros 50 anos	8,8 millóns de euros (anualidad 2014-2016)
ETAP	Concello- Xunta- Ministerio	Cidade	Nova estación de tratamento de Agua potable	28,7 millóns de euros
EDAR	Concello- Xunta- Ministerio	Cidade	Nova depuradora de augas residuais	45 millóns de euros